

FRAGUAS, EU, TI, TODAS...

Con Antonio Fraguas aprendemos que para saber quen somos é fundamental coñecer de onde vimos. Convidámosvos a dar un paso máis aló, a descubrir que ao voso carón hai unha chea de tesouros culturais. Están a disposición de calquera que teña o ollo, o oído e, sobre todo, a mente ben aberta. Comezamos a viaxe!

Como bos investigadores e investigadoras o primeiro que debedes é coñecer o nome do terreo que pisades. Para iso necesitas botar man da toponimia, que é a disciplina que estuda a orixe e significado dos nomes de lugar. A maioría dos topónimos galegos teñen unha destas orixes:

Prerromana



É o caso dos topónimos que proceden das linguas que se falaban en Galicia antes da chegada dos romanos. Algúns exemplos son: Arzúa, Betanzos, Cangas, Noia, Bergantiños, Sarria ou Trives.

Xermánica



Son os topónimos que nos deixaron os pobos que se estableceron en Galicia despois dos romanos, especialmente os suevos, por exemplo: Forcarei, Baltar, Gosende ou Lobios.

Latina



Son os que proceden da lingua que trouxeron os romanos (o latín): Compostela, Padrón, Vigo, Ourense, Viveiro ou Taboada.

Árabe



Cara ao século VIII os árabes chegaron a Galicia e tamén nos deixaron a súa pegada nalgúns nomes de lugar: Alfoz, Barrio, Rábade, Aceña ou A Mezquita.

Tamén hai topónimos que son produto da influencia do castelán: A Calle, A Castellana, O Portazgo ou A Tablilla.

ACTIVIDADE

Como vistes, polo nome dos lugares podemos saber quen estivo antes ca nós nas terras que hoxe habitamos. Coa axuda dos vosos mestres e mestras, investigade de onde procede e que significa o lugar no que está o voso colexio.

Agora que xa pisades terra firme, é hora de buscar unhas persoas que teñen moitas das claves que nos guiarán ata o tesouro. Aínda non sabedes de quen falamos? Exacto, son as persoas maiores.

Se conversades con elas descubriredes que son auténticas enciclopedias que vos poden descubrir un universo de cantigas, contos, lendas e saberes tradicionais.



A que non sabíades que os nosos devanceiros tamén sabían moito de meteoroloxía?



A meteoroloxía é a ciencia que estuda os fenómenos que teñen lugar na atmosfera.

Observando a natureza podían adiviñar o tempo que viría nos días seguintes. Non hai máis que mirar algúns refráns.

- **Cando a perdiz canta e a nube encobre, non hai mellor sinal para cando chove.**
- **Hai no ceo la, se non chove hoxe ha chover mañá.**
- **Arco iris formado, nin bo tempo, nin moi malo.**
- **Ceo claro e lostregante, tempo bo e mais sufocante.**

ACTIVIDADE

O comportamento dos animais incluso servía para prever as colleitas. Podedes comprobalo cando completedes este refrán popular:


CUCO BUBELA RULIÑA RULEA

Se en marzo non canta o _____, nin en abril a _____, e a _____ non _____, mala colleita se espera

Nun tempo no que acceder á atención médica era complicado, a xente acudía aos menciñeiros e menciñeiras que, sen teren estudos, sabían de remedios populares. Aínda que tamén existían numerosos farsantes, moitos destes homes e mulleres axudaban de boa fe a aliviar as doenzas da veciñanza. Se vos fixades na ilustración, veredes algunhas das plantas das que botaban man:



Álvaro Cunqueiro publicou en 1960 un libro que levaba por título *Escola de Menciñeiros*. Narraba a vida e os remedios dos curandeiros máis famosos que había naquel tempo pola zona de Mondoñedo e da Terra Chá.



Para a tos:
papoula e malva

Para as indixestións:
ourego e herba luísa.

Para o estrinximento:
acivro e fento dos valos.

Para o reuma:
lavanda e estramonio.

Para aliviar os gases:
macela e menta.

Dentro da medicina popular tamén estaban os albeites, que eran as persoas que curaban o gando, e os compoñedores, que eran os curandeiros e curandeiras que dedicaban a poñer no seu sitio os ósos ou tendóns escordados.

ACTIVIDADE

Afortunadamente, hoxe contamos con excelentes profesionais da saúde aos que debemos acudir en caso de padecer calquera doenza que nos preocupe. Aínda así, para as molestias máis leves e cotiás, nas nosas casas seguimos botando man dos remedios tradicionais. Coa axuda dos teus maiores, une as doenzas e os remedios para elas.

Para desinfectar feridas pequenas

Para os estados de nerviosismo

Para o catarro

Para a caspa

Para axudar a controla a febre

tila

baños de auga morna

aceite de oliva morno

auga con sal

mel con limón

Páxina a páxina tamén vos estades a converter nuns Indiana Jones da cultura popular. Nesta última propoñémosvos que entredes en terreos máis misteriosos. Deixade o medo fóra, viaxamos ao mundo mítico galego. Segundo deixou escrito Fraguas, hai catro seres especialmente destacados:

Nubeiro:



É un personaxe grande e forte que é quen de provocar raios e tormentas. Para esconxuralo o mellor é tocar as campás e recitar estas palabras:

Tente, trono, tente en ti,

que Deus manda máis ca ti.

Mouros:

Os mouros son homes encantados que viven nos castros ou nas mámoas. Non se deixan ver moito pero nalgúns casos falan coa veciñanza e incluso se poden deixar ver nunha feira á que acoden en busca de bois.

Mouras:

Viven nos mesmos lugares que os mouros e gústalles tomar o sol e alisar o pelo ao pé das fontes con peites de ouro. Encárganse de gardar tesouros. O máis prezado son as trabes de ouro, pero canda elas tamén hai trabes de alcatrán que se se pican poden provocar grandes e perigosas explosións.

Sabiades que os dolmens son coñecidos en Galicia como Casas das Mouras ou dos Mouros polas numerosas lendas que hai sobre eles?



Xacias:

Os habitantes dos grandes pozos do río Miño son os xacios e as xacias, con sona de teren unha extraordinaria beleza que pode facer tolear as persoas que os ven. A súa forma é mixta: a parte inferior ten forma de peixe e a superior é como a de calquera humano.

ACTIVIDADE

En todas as comarcas de Galicia hai numerosas lendas populares, que non deixan de ser relatos orais onde se mestura a aparencia histórica e a fantasía. A derradeira misión desta ficha é que investiguedes as lendas da vosa contorna e que as poñades por escrito. De vós tamén depende a conservación do noso patrimonio!